

"Va, pensiero..."

Va, pensiero, sull'ali dorate;
va, ti posa sui clivi, sui colli,
ove olezzano tepide e molli
l'aure dolci del suolo natal!
Del Giordano le rive saluta
di Sionni le torri aterrate...

Oh, mia patria si bella e perduta!
Oh, membranza si cara e fatal!

Arpa dór dei fatidici vati,
perchè muta del salice pendì?
Le memorie nel petto raccendi,
ci favella del tempo che ful!

O simile di Solima ai fati
traggi un suono di crudo lamento,
o t'inspiri il Signore un concerto
che ne infonda al patire virtù!

Temistocle Solera

"Vai, pensamento..."

Vai, pensamento, sobre alas douradas;
vai e acouga nas encostas e nos outeiros
nos que recende, lene e lixeiro,
o alento dóce do chan no que nascimos!

Saúda as ribeiras do Xordán
e as derrubadas torres de Sión...

Ouh, miña fermosa pátria perdida!
Ouh, lembranza tan querida e fatal!

Arpa de ouro dos fatídicos poetas,
por que penduras, muda, do salgueiro?
Acende de novo no teu peito a memória
que fala do tempo que pasou!

Ou, como Solima cos Fados,
entona unha cantiga de férido queixume,
ou que o Señor te inspire un canto
que nos dé valor ao partir!

LETRAS GALEGAS RIBADEO 1992

**DOMINGO, 17 DE MAIO
8:30 DA TARDE - IGREXA PARROQUIAL**

CONCERTO

**CORAL
POLIFONICA
DE RIBADEO**

**BANDA
MUNICIPAL
DE RIBADEO**



**EXCMO.
CONCELLO DE RIBADEO**

PROGRAMA

Neste novo 17 de Maio, o Exmo. Concello de Ribadeo, ademais de reiterar o seu propósito permanente de defensa e promoción da Língua e da cultura galegas, quer ofrecer aos ribadenses o labor meritório dos sobranceiros colectivos musicais do concello, como mostra da estima que desde a institución municipal se lles profesa.

A veterana Coral Polifónica de Ribadeo, encardinada desde hai lustros na vida local, ofrecéndonos máis unha vez, baixo a dirección da sua titular M^a. do Carme Rodríguez Cancelo, unha mostra do seu amplio repertorio de música galega. E a Banda Municipal, dirixida polo profesor Hernán Naval Parapar, apresenta as últimas composicións incorporadas ao seu crecente repertorio.

Comprácenos participar desa primeira experiencia de colaboración artística entre a Coral e a Banda que será o final do concerto: xuntas interpretan unha páxina senlleira da historia da música, o coro "Va, pensiero..." da ópera *Nabucco*, de Giuseppe Verdi. Pola trascendencia reivindicativa que a nación italiana lle otorgou ao "Va, pensiero...", antóllasenos que o seu resonar baixo a cúpula da nosa parroquial, no Dia das Letras Galegas, é dunha oportunidade incuestionábel.

Ribadenses todos e Polifónica e Banda en singular, recibide este saúdo municipal no Dia das Letras Galegas de 1992.

CORAL POLIFÓNICA DE RIBADEO

| | |
|-------------------|----------------|
| Terra Meiga | F. Rey Rivero |
| Morriña | J. Castiñeiras |
| Velai vai | F. Rey Rivero |

Directora:

M^a. DO CARME RODRÍGUEZ CANCELLO

BANDA MUNICIPAL DE RIBADEO

| | |
|---|-----------------|
| Ponteareas (Paso-doble) | R. Soutullo |
| Tannhäuser (Coro de peregrinos)..... | R. Wagner |
| Jesus Christ Superstar (Selección)..... | Lloyd Webber |
| Churumbelerias (Paso-doble/swing) ... | E. Cebrián Ruiz |

Director:

HERNÁN NAVAL

BANDA E CORAL

| | |
|--|----------|
| "Va, pensiero..." (<i>Nabucco</i>) | G. Verdi |
|--|----------|